

Nova extraída da [web de SOS-Sanidade Pública](#) .

A Consellaría de Sanidade convocou este día 28 de decembro ao Consello Galego de Saúde. Semella a última inocentada deste ano da Consellaría coa cidadanía galega. Durante esta reunión do Consello Galego de Saúde, membros de todas as Plataformas en Defensa da Sanidade Pública concentráronse diante do edificio no que tiña lugar. Mentres, dentro, representantes das organizacións adheridas a SOS-Sanidade Pública, ao pouco de comezar o acto, deron lectura ao [manifesto redactado](#) ao efecto mentres portaban cartaces co lema "SOS-Sanidade Pública. Contra a privatización da Sanidade Pública". Tras a lectura do mesmo, retiráronse da reunión para unirse ás persoas que se atopaban concentradas diante do edificio.





A Plataforma denuncia a privatización sanitaria e declárase en rebeldía fronte ás políticas da Xunta de Galiza. Núñez Feijoo e a política sanitaria deste Goberno son a maior ameaza ao sistema sanitario público desde a súa creación.

A nova na [Voz de Galicia](#)